

Nome _____ Data _____

Antigos medios de comunicación

Que curiosos eran os medios de comunicación do pasado!

As tribos de África transmitían mensaxes a distancia a través do *tam-tam*, é dicir, a golpes de tambor.

Hai uns 2.500 anos, os gregos tiñan emisarios. O soldado Filípides é o emisario grego máis famoso. Correu sen descanso 42 quilómetros para anunciarlles aos atenienses a vitoria da súa armada na batalla de Maratón. Despois de dar a súa mensaxe, morreu a causa do tremendo esforzo.

Tamén se utilizaban sinais de fume ou pombas mensaxeiras. Hai 800 anos, o sultán de Bagdad foi o primeiro en adestrar pombas para que voasen dunha estación de correos á seguinte cunha mensaxe atada á pata.



1 Le o texto e contesta.

- Que medios poderías usar para enviar unha mensaxe hai miles de anos?


- Con cal deles cres que poderías comunicarte con terras máis afastadas?

- En que idade da historia se desenvolveu a civilización grega?

- En que século se empezaron a utilizar as pombas mensaxeiras?



2 Observa estas fotografías e ordénaas de máis antiga a máis recente.




Idade Contemporánea.




Prehistoria.



Idade Media.



Idade Antiga.



Idade Moderna.

3 Completa unha liña do tempo sobre as etapas do pasado. Debuxa en cada recadro a vivenda ou construción correspondente.

--	--	--	--	--

_____ Idade Antiga _____

4 Describe brevemente como era unha das construcións ou vivendas representadas na actividade 2.
